

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA CONSTRUIR UN MURO NO NOIRO EXISTENTE ENTRE A AC-550 E O CAMIÑO AGRÍCOLA NO LUGAR DE LAMAS-ABUÍN.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

A AXI é o órgano de contratación do sector público autonómico que mais incidencia ten no sector da construción de obra civil, posto que a maior parte do seu orzamento destínase a obras de construción de infraestruturas.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

Na marxe esquerda da estrada autonómica AC-550, no pp qq 90+240 ao norte do núcleo rural de Abuín, entronca o camiño agrícola de titularidade municipal que serve de acceso a varias parcelas situadas nos lugares de Lamas, Loncras e Toxodelo pertencentes ao concello de Porto do Son. Entre ámbalas dúas vía hai un noiro que debido ás copiosas choivas do outono de 2022 atopase deteriorado no tramo máis pendente e resulta pouco seguro. Coa construción dun muro que arranque tras o muro de repé existente cunha cota lixeiramente inferior garantírase a estabilidade do desnivel ao tempo que, cun maior ancho do camiño, melloraránse as súas condicións de seguridade.

3.- Impacto económico

O custo total da actuación estimase en **42.935'83 €** IVE engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas, encargase de licitar, executar dirixir e financiar as obras obxecto deste convenio con cargo a partida orzamentaria 09.A1 512B 600.1, código de proxecto 2018 00012 en dúas anualidades distribuindo o importe no 50% cada ano.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Porto do Son e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.



5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director da Axencia Galega de Infraestruturas
Francisco Menéndez Iglesias

